



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1791/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de novembro de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(955).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(956).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A ADQUISICIÓN DE ESCULTURA EN HONOR AO ESCRITOR DOMINGO VILLAR. EXPTE. 5742/330.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/11/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, o xefe de Xestión e Promoción Cultural e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do subministro para a adquisición de escultura en honor ao escritor Domingo Villar (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, procedemento negociado sen publicidade, do subministro do subministro para a adquisición de escultura en honor ao escritor Domingo Villar (expediente 5742-330), autorizar o gasto e iniciar o procedemento de licitación.

Segundo.- Cursada a invitación a D. Pedro Dobao Rodríguez, este presenta a súa oferta o 26 de novembro de 2024, a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo outorgado ao efecto.

Terceiro.- O día 27 de novembro de 2024, reúnense a xefa de servizo de Xestión e Promoción Cultural e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, para a apertura e cualificación do sobre A. Cualificada a documentación administrativa, compróbase que o licitador non presenta o DEUC e non acredita nin a solvencia económica nin a solvencia técnica. En vista ao anterior, ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 concedéuselle un prazo de emenda de tres días. O licitador presentou a licitación o mesmo día.

Cuarto.- O 28 de novembro de 2024, reúnense o xefe de servizo de Xestión e Promoción Cultural e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, para a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1791/1102

cualificación da documentación presentada no trámite de emenda e, se procede, a apertura do Sobre B. Comprobado que a documentación é correcta, conforme ao esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, enténdese emendada a documentación do sobre A e admítase neste procedemento a Pedro Dobao Rodriguez.

A continuación ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA” que non contén a mesma senón un PCAP co Anexo II cuberto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da declaración de deserto

En data 26 de novembro de 2024 recibíuse a través da plataforma de Contratos do Sector Público a proposición presentada polo licitador invitado a esta licitación, PEDRO DOBAO RODRIGUEZ, dentro do prazo outorgado para a presentación de ofertas.

No presente procedemento non participa a Mesa de Contratación, órgano de asistencia técnica especializada ao órgano de Contratación, por tratarse dun procedemento negociado no que non é necesaria a publicación de anuncios de licitación, e non se xustifica na existencia da urxencia imperiosa prevista na letra b) 1 do artigo 168. Nestes casos, o artigo 326 da LCSP permite que a intervención da Mesa sexa potestativa, e a cláusula 16 do PCAP outorga as funcións de apoio a dous funcionarios, o xefe do servizo xestor e o de Contratación, ou os funcionarios nos que deleguen.

Reunidos ambos funcionarios o 28 de novembro procedeuse a apertura do sobre C “Criterios de Adxudicación”, que consonte ao previsto na cláusula 19 do PCAP deberá conter a proposición económica formulada conforme ao modelo previsto no apartado 7 do Anexo I do PCAP. No entanto, so contendía un PCAP co Anexo II cuberto. En consecuencia, o non ter presentado a oferta económica, procede declarar deserto o procedemento.

A Mesa de Contratación é o órgano competente para propoñer deserta a licitación ao órgano de contratación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación. Dado que neste procedemento non participa a Mesa, a proposición de deserto correspóndelle aos funcionarios que exercen as funcións da Mesa.

-II-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

-III-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do subministro para a adquisición dunha escultura en honor ao escritor Domingo Villar (expediente 5742-330) porque o licitador non presentou a proposición económica.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez